

20 cousas máis

QUE QUIZÁ NON SAIBAS SOBRE AS LINGUAS EUROPEAS

O **ALEMÁN** e o **LUXEMBURGUÉS** son as únicas linguas do mundo que escriben con maiúscula os substantivos, aínda que no pasado era unha práctica común en moitas linguas xermánicas, como o danés, o sueco e o inglés.



O **ITALIANO** non se converteu "oficialmente" na lingua oficial de Italia ata 2007! Baséase no dialecto florentino, aínda que a maioría das rexións italianas falan os seus propios dialectos ou linguas (uns 30 en total).

APRENDIZAXE PRECOZ DA LINGUA


Os bebés dunhas horas son capaces de diferenciar os sons da súa lingua materna dos dunha lingua estranxeira. Un estudo de 2013 indica que os bebés empezan a aprender idiomas da súa nai cando aínda están no ventre materno, antes do que se pensaba.



SIGNOS DE INTERROGACIÓN ESPECIAIS

En castelán, unha frase interrogativa vai acompañada de dous signos de interrogación: un ao final da frase e outro ao principio en posición investida, por exemplo: "¿Cómo estás?". En grego, o punto e coma (;) fai as veces de signo de interrogación.

EN QUE IDIOMA ESTÁ ESCRITO?



Manuscrito Voynich é un libro do século XV, escrito nunha lingua que ninguén pode identificar, e moito menos ler. Unha mágoa non poder contarvos de que va!



Na lingua australiana guugu yimithirr non hai palabras para esquerda ou dereita. No seu lugar, a xente utiliza os puntos cardinales, por exemplo: "Hai unha formiga na túa perna sueste".

Por que as linguas escríbense en distintas direccións? A principal teoría é que dependía dos materiais orixinais empregados na escritura. Cando se escribe con tinta, prefírese de esquerda a dereita para evitar que os escritores arrastren a man dereita pola tinta.

En **SUECO**, "gift" significa tanto casado como veneno.



En **MACEDONIO** "lele" pode significar "oh, guau" ou "meu Deus", e podes engadilo tantas veces como queiras. Así que podes dicir: "Lele lele lele lele - que can máis bonito!".



As cidades europeas son o lugar perfecto para observar a diversidade multilingüe: en Londres, por exemplo, fálanse máis de 300 idiomas!

Un feito moi curioso sobre o galego: **NINGUNHA PALABRA** empeza por N e acaba por A!



Dúas linguas non indoeuropeas emparentadas entre si son o húngaro e o finés. Por suposto, as dúas linguas diverxeron fai uns 6.000 anos, pero seguen considerándose irmán e irmá na familia lingüística ugrofinesas.



CANDO UN MORCEGO NON É UN MORCEGO?

En español, se unha palabra contén as cinco formas vogálicas do idioma denomínase "murciélagos", como o mamífero voador ou amigo dos vampiros!



O **FRANCÉS** foi a lingua oficial de Inglaterra durante máis de 300 anos (entre a vitoria normanda na batalla de Hastings (1066) e finais do século XIV).



O **MANÉS** é unha lingua celta estreitamente emparentada co gaélico irlandés e escocés que só se fala na Illa de Man.



PRIMEIRO IDIOMA IMPRESO

O primeiro idioma impreso foi o alemán. A imprenta de Johannes Gutenberg, desenvolta ao redor de 1440, supuxo un cambio decisivo no aumento dos niveis de alfabetización e educación da poboación europea.



Salvo algunhas excepcións, en realidade só hai dúas formas de dicir "té" no mundo. Unha é similar ao termo inglés ("té" en español, "tee" en afrikaans,...). A outra é unha variación de "cha" ("chay" en hindi, "chá" en portugués). Ambas as versións proceden de China, pero as palabras que soan como "cha" estendéronse sobre todo por terra, ao longo do Roteiro da Seda, mentres que "té" fíxoo por mar cos comerciantes holandeses.

IDIOMAS OFICIAIS MÁIS COMÚNS NOS PAÍSES DO MUNDO

Inglés	(60 países)
Francés	(29)
Árabe	(23)
Español	(20)
Portugués	(10)
Alemán	(6)

Existen dúas formas oficiais de escribir o noruegués: o **bokmål** (lingua literaria) e o **nynorsk** (novo noruegués).

A HIPPOPOTOMONSTROSESQUIPEDALIOFOBIA

é o medo ás palabras longas.

Día Europeo das Linguas 26 de setembro

